



Rhizocarpon reductum Th. Fr.

Estes pequenos exemplares (foto 1) atopámoslos nun talud de rocha granítica alterada, xunto a *Dibaeis baeomyces* (Ficha 19), en zonas sombreadas, pero tamén medra en pequenas pedras dispersas no solo. Considérase unha especie pioneira.

Os talos crustáceos son pequenos, de 1-2 cm de ancho, de fendido a areolado, de gris a gris moi escuro (fotos 2 e 3). Apothecios lecideinos negros de 0,4-0,7 mm de diámetro (foto 3) con rebordo propio bastante aparente. No corte transversal do apotecio (foto 4) pode verse un hipotecio marrón e tecio hialino. Esporas elipsoidais, incoloras, murais (foto 5), de 20-37 x 10-12 μm .

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: talo K^+ amarelo e P^+ laranxa, mais raramente K^- e P^- .

